

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE FEBREIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 5 de febreiro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 1 de febreiro de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 2, 3a, 3b e 5)
D^a. Susana García Álvarez (asiste aos puntos 3c, 8 e 9)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2b, ea, 3b, 8 e 9)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2d e 5)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)**

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral no que se relacionan os licitadores presentados a este procedemento e no que se indica *"Así mesmo, recibíuse o día 1 de febreiro, unha oferta presentada no Rexistro da Xunta de Galicia o 30-1-18 da empresa "ZONA DE OBRA O ROSAL SLU" sen que haxa constancia de anuncio de presentación da oferta"*.

Os membros da Mesa deciden deixar este asunto pendente de estudo.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *"Documentación persoal"*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AF42-C8DF24-2CAE58-4K4D59-8WESN3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
2. ORESA, S.L.
3. ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.
4. BEATRIZ IGLESIAS FERNANDEZ
5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
6. COPCISA, S.A.
7. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.
8. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
9. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
10. NAROM, S.L.
11. ELSAMEX, S.A.
12. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)
13. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES S.A.)
14. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
15. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
16. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
17. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.

c) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzáiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
 2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
 3. DRAGADOS, S.A.
 4. SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 5. ORESA, S.L.
 6. AVAN INTEGRAL, S.L.
 7. CIVIS GLOBAL, S.L.
 8. HIDROMIÑO, S.L.
 9. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.
 10. ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.
 11. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 12. ORECO, S.A
 13. COPCISA, S.A.
 14. ELSAMEX, S.A.
 15. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L.
 16. MISTURAS, S.A.
 17. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 18. EXTRACO, S.A.
 19. OGMIOS PROYECTO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AF42-C8DF24-2CAE58-4K4D59-8WESN3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador invitado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. neste procedemento por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

Non se trata por acordar a Mesa no punto 2a deixar este asunto pendente de estudo.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzáiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. presenta un só exemplar en formato dixital, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AF42-C8DF24-2CAE58-4K4D59-8WESN3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador invitado e admitido co seguinte resultado:

Licitador	Prezo contrato mantemento software	Prezo hora da prestación de asistencia e asesoramento técnico (máx 91,67 euros/hora IVE engadido)	N ^o horas/ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (>240horas)
T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.	47.684,50 €	87,50 €	24 h

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica e económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial-Vías e Obras-Fomento, a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais do 1 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial-Vías e Obras-Fomento, a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais do 1 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira industrial-Vías e Obras-Fomento, a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais do 1 de febreiro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AF42-C8DF24-2CAE58-4K4D59-8WESN3-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira industrial-Vías e Obras-Fomento, a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais do 1 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AF42-C8DF24-2CAE58-4K4D59-8WESN3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		